

**INTERVENCION DO PRESIDENTE DA XUNTA NO ACTO CONMEMORATIVO DO DIA
DAS LETRAS GALEGAS 2019**

Cerdedo-Cotobade, 17 de maio de 2019

Autoridades presentes,
Senoras e senores.

En Galicia a lingua non soamente se fala; tamen se habita. Habitamos o idioma. Nel temos un fogar comun no que seguen habitando, grazas as palabras, os nosos devanceiros e habitaran as galegas e os galegos do mana.

Cando pronunciamos as palabras podemos sentir o eco de moitas xeracions de galegos que as foron cargando de significado. Cada substantivo, cada verbo ou cada adxectivo e un legado que nos chega a traves do tempo para que sexa coidado, enriquecido e transmitido por nos. Vela unha fermosa responsabilidade que os galegos cumprimos con orgullo.

A casa comun que e a lingua galega ten as portas e fiestras abertas. Nin exclue a ninguen, nin quere permanecer lonxe das grandes correntes da historia, nin ao marxe da evolucion. Tense dito que e o noso gran monumento, pero un monumento vivo no que se habita, se comparte e se convive.

Mediante a lingua os galegos somos quen de moldear o mundo ao noso xeito, de interpretalo de acordo coa nosa idiosincrasia, e de aportar ao conxunto da humanidade valores que nos son propios. Alvaro Cunqueiro falaba de "anosar" para describir a nosa capacidade para facer nosas ideas e cousas, e darlles significados que nacen da nosa creatividade.

O fogar da lingua galega posue nestes tempos unha importancia adicional que deberamos sublinar nunha data tan sinalada como esta.



INFORMACION AOS MEDIOS

A fragmentacion, a perda de cohesion social, a ruptura de acordos e consensos que semellaban inalterables son preocupacións comuns a todas as democracias. A existencia de espazos reais ou virtuais pechados, nos que dificilmente ten cabida o debate entre opinións distintas, e un perigo, un perigo certo que altera principios basicos da convivencia en liberdade.

As linguas, inocentes en si mesmas, non estan ao marxe das tentativas de utilizacion malsa. Todas elas naceron para comunicar e romper co illamento e a soidade, e sen embargo alguns queren utilizalas para disgregar e sementar a discordia.

Asistimos a un rexurdimento de actitudes que ven no cultivo e promocion do idioma unha especie de anomalía, ou cando menos algo superfluo.

Case noventa anos despois haber a que recuperar aquel discurso de Alfonso Rodríguez Castelao nas Cortes Republicanas no que ironizaba sobre a maldición que pesa sobre os animais, ao estaren limitados a unha lingua unica.

No noso país a lingua une porque esta tecida por afectos. O galego é un dos vencellos máis fortes que temos entre nos, entre todos. Falantes cotiáns, asiduos, ocasionais e mesmo infrecuentes, senten o idioma galego como algo seu. Vélono como un atranco forma parte de tendencias que proceden de situacións que nos resultan distintas e distantes.

Hai nesa devoción xeneralizada unha causa tal vez novidosa relacionada precisamente coa necesidade de fortalecer a cohesión social, xeracional e territorial, e de equilibrar o impulso globalizador cun firme arraigo naquilo que nos singulariza.

O noso pobo está afeito a engadir e a agregar. Nesta parte da humanidade que somos, coexisten dende antigo tradicións, épocas e culturas que foron moldeadas polo noso carácter. No lar galego refléctense tendencias que, aínda estando presentes noutros lugares, adquiren aquí unha fisionomía propia.

O galego é fillo do latín sen que esa filiación permita confundilo con outras linguas herdeiras da vella Roma, e o mesmo sucede con manifestacións de todo tipo que o xenio da nosa xente soubo galeguizar.



INFORMACION AOS MEDIOS

A nosa forza non reside no rexeitamento do novo e o alleo, senon na sabia apropiacion e agregacion do que, en cada momento, consideramos valioso. O propio fenomeno xacobeo e a proba de que Galicia e unha síntese, un compendio, no que calquera caminante pode atopar un espello no que reconecerse.

Amigas e amigos. A nosa lingua e unha casa que habitamos, ben coidada ademais por caseiros que se preocuparon por facer dela un recinto acolledor, luminoso e aberto. Entre eles a figura de Antonio Fraguas, efectivamente, "un rapaz de aldea".

Dase nel unha circunstancia comun a moitos outros homes e mulleres da cultura. Para todos eles Galicia empeza por ser un atomo aldean ou vilego co que se senten intimamente identificados. O que para outros e Bastabales, Celanova, Rianxo, Gres ou Mondonedo, para don Antonio sera Insuela, na parroquia de Loureiro, no municipio de Cerdedo-Cotobade.

Ese vencello case pante sta co lugar natal, que certamente compartimos todos os galegos, fai que o seu traballo cultural, etnografico, antropoloxico, xeografico ou historico, estea lonxe de tecnicismos ou de teoricismos. Ese labor incesante e intenso de homes como Antonio Fraguas esta sempre impregnado de amor polos seus e tamen de amor polo seu.

Se o legado de quen este 17 de Maio recibe a homenaxe do seu pais e inmortal, debese a súa naturalidade e a súa frescura. A súa non e a pescuda do erudito que se achega con prexuzos ou soberbia ao obxecto de estudo.

Tanto no Seminario de Estudos Galegos, como nas Irmandades da Fala ou na Real Academia Galega; ou no Padroado Rosal a de Castro coma no Museo do Pobo Galego, don Antonio nunca perde a curiosidade propia do "nenso labrego" que descubre o mundo en cada anaco de natureza, e a humanidade en cada vecino.

A súa defensa da lingua forma parte tamen da teimosa reivindicacion do seu berce. O idioma galego e para el un deses tesouros que permanecen moito tempo agochados, pero que seguen vivos na alma popular ata que chega a hora do seu feliz rexurdimento.

Tal como Galicia as entende, as linguas unen e cohesionan porque establecen un codigo comun que non e soamente lexico. As mesmo hai homes e mulleres que unen e cohesionan a Galicia, e Galicia ten a fortuna de contar cunha lexion innumerable deles. Ao redor de Antonio Fraguas e o seu legado podense dar a man galegos de toda condicion e de galegos de toda crenza.



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACION AOS MEDIOS

Podemos imaxinalo dandonos a benvinda cordial a esa lingua que habitamos e que nos habita, para falarnos de vagar dunha cantiga recuperada, dunha mamoa descuberta ou dun aspecto desconecido de Pastor D az.

Celebramos a Antonio Fraguas porque o merece, o merece dabondo e pensando tamen nun tempo ameazado polas rupturas e necesitado de tantas pontes.

A lingua galega e unha ponte pola que transitamos libremente todos os galegos.



UNIÓN EUROPEA